Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

Comunicado de Prensa

**FETE UGT cifra o seguimento do paro no ensino celebrado na xornada de hoxe, 21/01/10 nun 90% de participación, constituíndo polo tanto un éxito notable, reflectido nun paro total no ensino.**

Asemade FETE UGT traslada a felicitación ao conxunto do profesorado polo amplo respaldo que ven de amosar o colectivo docente rexeitando as denominadas bases polo Decreto do plurilingüismo, cuxa posta en práctica no día a día nos centros educativos xerará unha permanente conflictividade nos termos en que está prantexado.

Finalmente manifestar que a FETE-UGT agarda con este punto de contestación masiva do ensino en Galicia que a Consellería de Educación adopte un cambio de actitude que posibilite acadar puntos de encontro nun espazo intermedio o espazo de todos no que a FETE-UGT puxo de manifesto a través das 18 emendas que presentou o pasado día 15 de xaneiro en aras do consenso evitando a manipulación político electoral dun elemento sensible a todos e todas o idioma no ensino.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2010

Marcelino Brea Mella

**SECRETARIO XERAL FETE-UGT GALICIA**

R/ Miguel Ferro Caaveiro, 12-1º - 15707 Santiago de Compostela - Tel.: 981 57 36 34 - Fax: 981 57 50 33-
galicia@fete.ugt.org - www.feteugtgalicia.es